A literatura entre 1936 e 1976 I

Índice de contidos:

10.1. Introdución. Panorama social
10.2. A poesía
10.2.1. A Xeración de 1936
10.2.2. A promoción de enlace
10.2.3. A Xeración das Festas Minervais
10.2.4. A poesía do exilio
10.3. A prosa: os renovadores
10.3.1. Ánxel Fole: vida e obra
10.3.2. E. Blanco Amor: vida e obra
10.3.3. Álvaro Cunqueiro: vida e obra
10.3.4. Neira Vilas: vida e obra

10.1. Introdución. Panorama social

Os avances que Galicia experimentara no primeiro terzo do século XX (políticos, culturais, lingüísticos...) víronse traxicamente freados pola sublevación militar de xullo de 1936 e a posterior derrota do Goberno da República. A nosa literatura sufriu desde entón, como veremos, longos anos de dificultades (represión, censura...).

Feitos históricos

- 1939. Fin da guerra civil e instauración do réxime ditatorial franquista. Comezo da 2ª Guerra Mundial.
- 1945. Fin da 2ª Guerra Mundial.
- 1950. Morte de Castelao no exilio. Disolución do Partido Galeguista. Fundación da Editorial Galaxia.
- 1964. Fundación, na clandestinidade, do Partido Socialista Galego e da Unión do Pobo Galego.
- 1975. Morte do xeneral Franco.
- 1978. Aprobación da actual Constitución e configuración do Estado das autonomías.

Contexto histórico

En primeiro lugar, cómpre tratar a evolución da economía nestas catro décadas de ditadura. Pódense distinguir dúas fases.

Ata os anos 60:

A España franquista quedou illada do resto dos países occidentais, os cales lle impuxeron durante varios anos duras sancións económicas ao réxime ditatorial.
Esta depresión económica manifestábase en:

- O racionamento dos produtos (mantido ata mediados dos anos 50).
- A redución dos salarios.
- A aparición do estraperlo.

En Galicia, estes son os chamados *anos da fame*

Desde os anos 60:

Coa chegada da década dos 60, apréciase un crecemento económico. No tocante *á agricultura,* que mellorara nos anos 20, experimentouse un notable desenvolvemento:

introdución xeneralizada da maquinaria, especialización da produción agrícola e gandeira, mellora no proceso de comercialización...
A nosa *industria* tamén entra en expansión: creación de estaleiros, de industrias derivadas do desenvolvemento agrario (lácteas, cárnicas, pensos...). Este avance agrícola e industrial favoreceu, tamén, unha certa mellora do *tecido comercial e* dos medios e vías de *transporte.*

A sociedade galega, en correspondencia con esta evolución, tamén sufriu transformacións:
- Descenso no índice de natalidade e de mortalidade, co consecuente envellecemento da poboación.
- Desruralización e desprazamento cara aos núcleos urbanos, especialmente aos costeiros. E unha época de grande expansión das cidades galegas.
- Crecemento do proletariado e da pequena burguesía*: o* primeiro ligado á expansión industrial e o segundo ao comercio, ao sector alimentario...

O fenómeno da emigración continuou a ser unha opción de milleiros de galegos na busca de mellores perspectivas. Entre 1946 e 1960 aumenta a emigración cara a países americanos (Arxentina, Venezuela...); mentres que a partir dos anos 60 a saída de traballadores é principalmente cara a países europeos (Suíza, Alemaña, Francia...) e cara a outras zonas da península (País Vasco, Barcelona...).

Polo que á **política** se refire, a ditadura franquista caracterizouse polos seguintes trazos:
- Instauración dun réxime autoritario cun único partido político oficial: o «Movimiento Nacional».
- A negación da diversidade cultural e lingüística do Estado.
- A natureza represiva do poder, sustentada na forza policial e no exército.

Ante esta situación, os contrarios ao réxime (republicanos, comunistas, galeguistas...), ben sufriron a represión, ben tomaron o camiño do exilio ou ben optaron pola desvinculación da política.
Na posguerra, a actividade nacionalista só tivo cabida no exilio, especialmente na Arxentina. Mais a morte de Castelao neste país en 1950 e a posterior disolución do Partido Galeguista, provocou un cambio na traxectoria do galeguismo destes anos: a loita política mudaba cara a unha loita cultural (arredor sobre todo da Editorial Galaxia).
A actividade política recuperouse nos anos 60 coa fundación, na clandestinidade, de novos partidos (PSG e UPG) e nos anos 70 coa aparición do movemento sindical nacionalista.

Situación lingüística

Na inmediata posguerra o galego foi prohibido no uso escrito. No seu uso oral comeza un agudizado proceso de perda de prestixio social. Así, pouco a pouco, a nosa lingua comezou a retroceder entre as xeracións máis novas e nos ámbitos urbanos.
Como lingua literaria, este período comezou con varios anos de silencio. Os libros en galego só viron a luz de novo a partir de 1946.
Pero o factor clave na recuperación da nosa lingua escrita foi a creación da Editorial Galaxia en 1950, da man de persoeiros do galeguismo histórico, que xa comezaran a súa actividade cultural antes da guerra civil: Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego...
Nos últimos anos do franquismo, a recuperación da función cultural e social da nosa lingua é importante:

- Os partidos e organizacións nacionalistas toman a cuestión da lingua como un compromiso fundamental.
- Aparecen numerosas asociacións culturais que loitan pola súa recuperación e normalización: *O facho, O galo...*
- Avánzase na investigación lingüística: Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago (1965), Instituto da Lingua Galega (1971).

10.2. A poesía

10.2.1. A Xeración de 1936

Os autores desta xeración teñen en común os seguintes trazos:

Trazos definidores da xeración do 36:
- Naceron case todos entre 1910 e 1920.
- Formáronse baixo a influencia directa dos homes da xeración Nós e das vangardas.
- A súa traxectoria vital viuse fortemente marcada pola guerra.
- Supoñen unha ponte entre a literatura de preguerra e as promocións máis novas que veremos máis adiante.
- Seguen tendencias variadas: neotrobadorismo, paisaxismo, poesía cívica, intimismo...

A nómina de autores englobados neste grupo é ampla: Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Xosé Mª Díaz Castro, Ricardo Carballo Calero...

Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Lugo,1909-Santiago 1961)

A súa infancia transcorreu na súa aldea natal ata que en 1924 ingresou no Seminario de Mondoñedo. Aldea e Seminario influirían decisivamente no seu posterior quefacer poético: un apego a todo o relacionado coa vida campesiña e un coñecemento profundo da cultura grecolatina.
Despois de abandonar os estudios eclesiásticos, trasladouse a Santiago onde entra en contacto co galeguismo (chegou a ser director de A *Nosa Terra) e cos* movementos literarios da vangarda. A partir de 1933 exerceu como profesor de ensino medio en diferentes cidades galegas (Vilagarcía, Pontevedra, Lugo...) e, finalmente, na Universidade compostelá. Tamén foi tradutor ao galego de varios autores clásicos (Virxilio, Horacio...).

Produción poética:
Entre os seus poemarios podemos destacar os seguintes:

Obra	Ano
Señardá	1930
Corazón ao vento	1933
Cómaros verdes	1947
De día a día	1960
Lanza en soledá	1961

Nas súas obras anteriores á guerra *Señardá e Corazón ao vento,* dominan os **sonetos de influencia modernista** e as pezas incorporadas ao **paisaxismo** á

maneira de Amado Carballo, expresado en estrofas de raizame popular (cantares, tríades...).
Con *Cómaros Verdes* (1947) márcase o inicio da poesía galega de posguerra. Esta é unha obra de carácter menos homoxéneo cás anteriores: nela hai exemplos de **neotrobadorismo** e tamén poemas de **verso libre** nos que transmite unha **visión humanizada da natureza.**

Nas súas últimas obras, entre as que destaca *De día a día* (1960), sen desaparecer a presenza da paisaxe, aflora o ton de reflexión e confidencia persoal; unha expresión do sentimento de desamparo, soidade e dor existencial.

Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979)

Entrou desde moi novo en contacto co galeguismo e coa nosa literatura. Durante a guerra civil viuse obrigado a combater no bando franquista e chegou a pasar unha tempada na cadea. Rematada a guerra, trasladouse a Pontevedra e Vigo, cidades nas que desenvolveu un intenso labor cultural: creación de revistas e proxectos editoriais, colaboracións en prensa... En 1964 participou na fundación da UPG. Dous anos despois emigrou coa súa familia a Venezuela, onde continuou o seu labor político e cultural. Non obstante, a experiencia na emigración resultaríalle decepcionante. A partir de 1973 residiu en Madrid, aínda que a morte o sorprendeu en Vigo.

Produción poética:
Entre os títulos máis representativos destacamos os seguintes:

Obra	Ano
O soño sulagado	1955
Longa noite de pedra	1962
Viaxe ao país dos ananos	1968
Cantigas de escarnio e maldecir	1968
Antipoemas	1972
Onde o mundo se chama Celanova	1975

A súa poesía está dominada por tres rexistros básicos: o cívico, o intimista e o satírico, os cales se manifestan entretecidos nas súas obras.
Como poeta cívico, Celso Emilio conectaría a súa traxectoria coa tradición de Curros e Cabanillas. Todos eles comparten a visión da poesía como expresión do compromiso coa realidade social e a do poeta como voceiro do seu pobo e do seu tempo. Así son temas frecuentes nesta vertente o antibelicismo, a liberdade, ou tamén solidariedade cos que sofren...

Pero ademais o autor celanovés é poeta intimista. A cotío sente a necesidade de plasmar o sentir do seu eu ante a realidade. Son poemas nos que trata, por exemplo: a memoria da guerra, a dor existencial, o amor pola súa compañeira Moraima, a nostalxia da infancia...

Polo seu rexistro crítico, tamén é Celso Emilio poeta satírico, conectando así coa tradición medieval. A sátira e a ironía están en todos os seus libros. Pode usar a sátira

para facer escarnios de persoas e tipos concretos, ou para facer unha denuncia moral das contradicións sociais e políticas do seu tempo.

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985)

Sendo estudante de Maxisterio en Pontevedra comezou a escribir os seus primeiros poemas, e mesmo fundou algunha revista literaria. Tras a guerra, xa mestre, foi desterrado a Zamora. Despois de cinco anos regresou a Galicia. Durante o resto da súa vida compaxinou a docencia coa investigación e a literatura.

Produción poética:
Álvarez Blázquez é autor de varios libros de poemas: *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer (1950)...* Pero, posiblemente, o seu título máis coñecido sexa o neotrobadoresco *Cancioneiro de Monfero* (1953), co que o autor argallou unha enxeñosa brincadeira literaria presentando o libro como un manuscrito medieval atopado no mencionado mosteiro.

10.2.2. A promoción de enlace

Os autores que reunimos baixo esta denominación non gardan coherencia de grupo; pero si é posible atopar neles algúns puntos comúns.

Trazos definidores da promoción de enlace:
- Naceron case todos entre 1920 e 1930.
- A súa formación produciuse nas adversas circunstancias dos primeiros anos de posguerra.
- Por isto, carecen da influencia da xeración Nós ou das vangardas de preguerra.
- Foron nos seus comezos escritores bilingües.
- Combinan a expresión do seu compromiso social coa da angustia existencial.

Como representantes desta promoción ímonos centrar nas figuras de Antón Tovar, Luz Pozo Garza e Manuel Cuña Novás.

Antón Tovar (Rairiz de Veiga, Ourense, 1921 / 2004)

Pasou parte da súa nenez en Celanova. Deixou inacabados os seus estudios de Filosofía e Letras en Santiago. Máis tarde ingresou nos xesuítas, pero tamén abandonou esta orientación. Traballou como funcionario en Ourense, onde participou nos Faladoiros literarios celebrados sobre a figura de Vicente Risco. En 1981 recibiu o Premio da Crítica pola súa obra *Calados esconxuros.*

Produción poética:

Algúns dos seus poemarios máis importantes son estes:

Obra	Ano
Arredores	1962
Non	1967
O vento no teu colo	1974
Calados esconxuros	1980
A nada destemida	1991

Nas súas primeiras obras, *Arredores, Non…,* en pleno auxe da poesía social, Tovar ten como temas esenciais: a conciencia do «eu» e da soidade, e **a tensión entre angustia existencial e esperanza.** No tocante á forma, son poemas onde prima a voz sincera e auténtica sobre a riqueza de imaxes e recursos.
A partir de *O vento no teu colo e de Calados esconxuros* apréciase certa renovación na súa lírica. Tovar complementa a tiña existencial anterior con poemas de firme **preocupación social** e con outros dun **erotismo vitalista.**

Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922)
Naceu no seo dunha familia que, tras a guerra civil, sufriu a represión franquista. Estudou piano, maxisterio e chegou a se licenciar en Filosofía e Letras. Grande afeccionada ás artes (música, pintura...), reside en Vigo desde 1977, onde se xubilou do seu traballo de sempre, profesora de Lingua y Literatura Españolas.

Produción poética:

Obra	A no
O paxaro na boca	1952
Verbas derradeiras	1972
Códice Calixtino	1986
Prometo a flor de loto	1992

Coma outros autores desta promoción, comezou escribindo en castelán. A súa obra adoita caracterizarse como intimista, cun tema dominante sobre os demais: o amor. Así, por exemplo, a autora plasma unha visión sensual, doce e delicada do sentimento amoroso na súa primeira obra: *O paxaro na boca* (1952).
En cambio no seu poemario, *Prometo a flor de Loto* (1992), escrito trala morte do seu marido, aparece unha visión máis transcendente do amor, ao reflexionar a través del sobre a vida e a morte.



Manuel Cuña Novás (Pontevedra, 1926 / 1992).– Pertence a esta xeración por criterios cronolóxicos mais será un dos precursores do movemento poético anovador que agromará ao longo dos anos 50 na denominada Escola da Tebra. Publica *Frauta na noite* (1947), o seu primeiro poemario que bebe aínda das fontes do hilozoísmo e do neotrobadorismo. Cinco anos máis tarde publica *Fabulario novo* (1952), un libro marcado pola angustia existencial da Europa daqueles anos que marcará o

inicio da Xeración dos 50. Despois dun longo silencio, sae do prelo a súa derradeira obra *Canto e fuga da irmandade sobor da terra e da morte* (1977).

10.2.3. A Xeración das Festas Minervais

Baixo esta denominación reunimos os poetas máis novos da posguerra. ***Os* trazos que mellor *os* caracterizan como grupo son**:
- Naceron case todos entre 1930 e 1940 polo que, na práctica, non chegaron a vivir a guerra.
- Déronse a coñecer a través dos certames literarios celebrados en Santiago nos anos 50 (as Festas Minervais).
- Teñen xa como mestres os autores da xeración do 36, e tamén as figuras históricas ligadas á Editorial Galaxia.
- Manifféstanse en dúas liñas poéticas sucesivas. O paso dunha a outra vén marcado pola publicación de *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro:

A Escola da Tebra: poesía intimista, o poeta preséntase en conflito co mundo. Temas: a morte, a soidade, a desesperanza...
O social-realismo: poesía de denuncia social. Temas: a opresión, a guerra, o sentimento de Galicia...
Ademais, participan como grupo en proxectos colectivos como as Festas Minervais que se levaron a cabo en Santiago entre os anos 1953 e 1964. Son tamén colaboradores asiduos do suplemento cultural do xornal santiagués La Noche e empezan a publicar na colección "Illa Nova" da editorial Galaxia.
A poesía deste grupo empeza estando influenciada polo existencialismo europeo que entrou no noso país na década dos cincuenta e que se caracteriza polo pesimismo, a angustia e o tenebrismo, por esta razón recibe o nome de Escola da Tebra. Máis tarde evolucionan a unha posición de maior compromiso co entorno, a ollada vólvese máis crítica e aparece a poesía social que expresa os desexos de liberdade dunha Galicia inmersa na desesperanza.
Entre os textos representativos desta escola podemos citar: *Fabulario novo* (1952) de Manuel Cuña Novás e *Muiñeiro de brétemas* (1950) de Manuel María.
Forman parte deste grupo xeracional, entre outros, os seguintes poetas: Manuel María, Bernardino Graña, Cuña Novás, Ramón Lorenzo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Alexandre Cribeiro, Xosé Luís Franco Grande, Uxío Novoneyra, Arcadio López Casanova, Salvador García Bodaño, Xohana Torres...
Moitos dos compoñentes desta escola van formar parte tamén do grupo Brais Pinto, creado en Madrid por unha serie de escritores, daquela estudantes nesa cidade, e que levaba a cabo unha actividade plástica e editorial. Entre eles están Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo, Bernardino Graña e Alexandre Cribeiro.
Moitos destes autores seguen escribindo na actualidade, algún deles é considerado un clásico, como é o caso do recentemente desaparecido **Uxío Novoneyra**, tamén **Manuel María** ten acadado unha gran popularidade, e **Xosé Luís Méndez Ferrín** figura como un dos impulsores das novas tendencias poéticas da actualidade.

Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 1930 / Coruña, 2004)
Pasou a súa mocidade en Lugo, onde coñeceu *o ambiente dos* faladoiros con figuras como Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel... Fortemente comprometido co nacionalismo, participou na fundación da UPG. É creador tamén de varios proxectos editoriais e colabora decote en prensa. Hoxe reside na Coruña.

Produción poética:
Manuel María Fernández.Teixeiro é, se cadra, o poeta máis prolífico da nosa literatura. Estes son algúns dos seus títulos.

Obra	Ano
Muiñeiro de brétemas	1950
Morrendo a cada intre	1952
Terra Chá	1954
Documentos persoais	1958
Cancións do lusco e fusco	1970
A primavera de Venus	1993

As súas primeiras obras, *Muiñeiro de brétemas ou Morrendo a cada intre,* considéranse *as pezas* inaugurais da **Escola da Tebra:** unha visión atormentada da existencia.
A partir de 1958, ano de *Documentos persoais,* Manuel María dá paso á **poesía social.** Son pezas de denuncia explícita da situación que vive Galicia, mais a cotío presentadas a través do humor e a retranca.
Manuel María tamén cultivou desde a poesía paisaxística *(Terra Chá),* ata as formas máis intimistas *(A primavera de Venus).*

Bernardino Graña (Cangas, 1932)



Fillo dun mestre, desde moi novo sentiu grande interese pola literatura. Realizou estudios en Santiago, onde participou nas Festas Minervais, e despois en Madrid, onde formaría parte do grupo Brais Pinto. Dedicouse durante moitos anos á docencia por diversos puntos do país, ata instalarse definitivamente no seu Cangas natal.

Produción poética:

Obra	Ano
Poema do home que quixo vivir	*1958*
Profecía do mar	*1966*
Non vexo Vigo nin Cangas	*1975*
Se o noso amor e os peixes	*1980*
Himno verde	*1992*

Graña foi un dos poetas máis premiados nos certames das Festas Minervais. O seu primeiro libro, *Poema do home que quixo vivir,* sitúase na estética da Escola da Tebra: angustia existencial, desesperanza.
En 1966 saíu á *luz Profecía do mar,* título que marca unha nova orientación na súa obra: agora emprega a súa voz, dotada da forza expresiva e a riqueza léxica da fala mariñeira do Morrazo, para denunciar a destrución do mar e da terra e crear unha conciencia ecolóxica que sería recorrente en títulos posteriores.

Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, O Courel, Lugo, 1930-Santiago de Compostela, 1999)
Fixo o bacharelato en Lugo e principiou a carreira de Filosofía e Letras en Madrid. Nesta cidade entrou en contacto cos membros do grupo Brais Pinto. Entre 1953 e 1962, por motivos de saúde, pasou longas tempadas de descanso na súa terra natal, a serra do Courel. Gran recitador, Novoneyra traballou na radio e na TV, sempre en espazos relacionados coa literatura.

Produción poética:
Entre as súas obras máis sobresaíntes, destacan estas.

Obra	Ano
Os Eidos	1955
Os Eidos 2	1974
Poemas caligráficos	1980
Muller pra lonxe	1987

Unha parte importante da produción de Novoneyra insírese na tradición da **poesía paisaxística** de Noriega Varela ou Aquilino Iglesia Alvariño, se ben o courelés acrecéntalle un ton existencial e amósase nunha compenetración máis íntima coa paisaxe: o poeta (o ser humano) en soidade ante a natureza. Isto ocorre por exemplo en *Os Eidos.*
A súa expresión adoita ser breve, condensada e con frecuentes enumeracións. Como culminación máxima desa unión coa paisaxe aparece o recurso do **fonosimbolismo:** repetición e combinación de fonemas para evocar sons da natureza ou emocións que esta provoca: **¡O lobo! ¡Os ollos** do lombo **do lobo!**
En obras como *Muller pra lonxe ou Poemas caligráficos,* Novoneyra ensaia outras tiñas creativas: no primeiro caso a **poesía amorosa,** e no segundo a **poesía social e de denuncia.**

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938)

Na cidade das Burgas transcorreu a súa infancia. Durante os seus anos de Universidade en Santiago participou con éxito nos certames literarios das Festas Minervais e entrou en contacto co galeguismo cultural. En 1957 trasladouse a Madrid para rematar os seus estudios e al í participou na constitución do grupo Brais Pinto. Na década dos 60, Ferrín comezou a amosar o seu forte compromiso político: foi cofundador da UPG (1964) e mesmo pasou períodos nos cárceres franquistas (1969 e 1972). Na actualidade reside en Vigo dedicado ao ensino da lingua e a literatura.

Produción poética:

Obra	Ano
Voce na néboa	1957
Con pólvora e magnolias	1976
Poesía enteira de Heriberto Bens	1980
O fin dun canto	1982
Erótica	1992
Estirpe	1994

Ferrín, como veremos nunha unidade posterior, tamén é un destacado narrador. Os seus primeiros pasos como poeta deunos con *Voce na néboa* (1957), na máis ortodoxa liña da **Escola da Tebra:** unha poesía de ton íntimo e angustiado e cunha temática que vai desde a preocupación existencial (o sentido da vida, a desesperanza...) ata a visión fatal da propia Galicia.
Nos anos setenta a súa poética evolucionou adquirindo unha manifesta **intención reivindicativa e concienciadora.** O poeta desdóbrase creando un «eu» complementario chamado Heriberto Bens e no ano 1980 publica *Poesía enteira de Heriberto Bens.*
En 1976, o seu poemario *Con pólvora e magnolias* marcou unha definitiva **renovación na poesía galega,** dando paso ás tendencias da nosa lírica actual. Son poemas que se abren a novos temas (a lembranza do pasado, o amor, o tempo...) e nos que se investigan novas formas e novas posibilidades estilísticas da linguaxe (sintaxe non convencional, riqueza léxica, abundancia de recursos literarios, imaxes audaces...).
Ferrín mantén estas liñas temáticas e formais nas obras máis recentes: *O fin dun canto, Erótica ou Estirpe.*

10.2.4. A poesía do exilio

Despois da guerra civil, e coa implantación da ditadura, América Latina converteuse no refuxio dos progresistas e tamén no lugar onde a cultura galega puido continuar a súa traxectoria e manterse viva neses anos de represión. Lembremos que a América marcharon homes como Castelao, Rafael Dieste, Luís Seoane, Lorenzo Varela... e alí realizaron parte da súa obra. Tamén alí entraron en contacto con outros intelectuais que xa se instalaran en épocas anteriores á guerra e que viñan sendo importantes colaboradores dende o outro lado do océano, como é o caso de Eduardo Blanco Amor. Foron estes homes e mulleres, exiliados e emigrantes, os que evitaron que a cultura galega esmorecese definitivamente.

Emilio Pita (A Coruña, 1909 – Bos Aires, 1981)
Autor do libro de poemas *Jacobusland* (1942), ilustrado por Castelao, no que pon de relevo a traxedia da guerra civil e a nostalxia pola terra galega. Outros libros seus son: *Cantigas de nenos* (1944), *Os relembros. As cantigas* (1959), *O ronsel verdegal* (1964). A súa produción poética pódese considerar antecedente da poesía comprometida sen desbotar os valores poéticos. Dez anos despois publicaría *Serán* (1974).

Lorenzo Varela (A Habana, 1917 – Madrid, 1978)
A súa obra máis importante é Lonxe (1954), que conta con ilustracións de Luís Seoane. Trátase dun libro dominado pola angustia do desterro e a visión idealizada de Galicia. *Catro poemas para catro gravados* (1944), obra coñecida xeralmente co título de *María Pita e tres retratos medievais*, nome que toma do álbum de gravados de Luís Seoane ao que se lle engadiron os poemas de Lorenzo Varela. Contén a exaltación de catro personaxes: María Pita, Roi Xordo, o bispo Ataúlfo e María Balteira.

Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979)

Naceu no seo dunha familia de emigrantes. Pasou a súa mocidade en Compostela pero, trala guerra, tomou de novo o camiño do exilio cara á capital arxentina. Foi alí, no exilio, onde Seoane despregou un intensísimo labor creativo: poesía, pintura, ensaio, teatro...
Como poeta, salientaremos as súas obras *Fardel do eisiliado* (1952), na que trata a emigración galega anónima vista como vítima, *Na brétema, Sant-Iago* (1955), *As cicatrices* (1959) e *A maior abondamento* (1972).
Ademais desta produción literaria propia, Luís Seoane desenvolveu un importantísimo labor como responsable de publicacións de libros sobre Galicia, como xornalista, e, sobre todo, como artista plástico (debuxante, pintor, gravador, muralista), recoñecido internacionalmente. De volta á Coruña, no ano 1963 fundou xunto con **Isaac Díaz Pardo** o "Laboratorio de Formas de Galicia".

Blanco Amor (Ourense, 1897 – Vigo, 1979)

A súa poesía caracterízase polo emprego de formas e temáticas moi variadas, que van desde a estética do modernismo á linguaxe das vangardas e desde o tema do mar ata as composicións de intención social.
Son tres as súas obras poéticas: *Romances galegos* (1928), *Poema en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1951). A segunda é a súa obra poética máis elaborada e homoxénea, especie de canto elexíaco pola morte duns mariñeiros, está organizado en forma de sinfonía e remata cunha solemne marcha fúnebre polos mariñeiros mortos, idealizados como heroes inmortais. En Cancioneiro recolle poemas escritos ao longo de vinte anos (1931-1950).

10.3. A prosa

10.3.1. Os renovadores da prosa

Debido ás adversas circunstancias históricas de posguerra, que xa vimos na unidade anterior dedicada á lírica, a produción narrativa e teatral en galego viviu un período de total silencio. Foi a partir de mediados dos anos 50 cando se comezou a producir unha lenta pero progresiva recuperación. Os artífices da mesma, xa desde o exilio ou no interior, foron Álvaro Cunqueiro, E. Blanco Amor, Ánxel Fole, Luís Seoane, R. Carballo Calero, entre outros. A narrativa desta época destaca por:

Liñas e núcleos temáticos	Características	Autores e obras
Continuadora da Xeración Nós	Diversificación dos *temas* (históricos, realistas e tradicionais) e das *técnicas* (rupturas temporais, monólogo interior...).	*R. Carballo Calero, A xente da Barreira. R. Otero Pedrayo, Entre a vendima e a castañeira.*
A guerra e a represión franquista	*Reflíctese, a través de crónicas realistas,* a temática da guerra civil e da inmediata posguerra.	Silvio de Santiago, *O silencio redimido.* Ramón de Valenzuela, *Non agardei por ninguén.*
A imaxinación	Recreación de mundos míticos e fantásticos de orixe árabe, nórdica, mesturados coa imaxinación colectiva do mundo popular.	A. Cunqueiro: *Se o vello Simbad volvese ás illas, Merlín e Familia...*
O conto popular	Reprodución literaria e culta do conto popular sen se afastar das características propias do relato oral.	A. Fole: *Á lus do candil e Terra brava.* A. Cunqueiro: *Escola de menciñeiros, Os outros feirantes…*
O realismo social	Centrado na vida das clases populares e no espazo urbano. Uso de novos recursos narrativos (o interrogatorio, o perspectivismo...)	E. Blanco Amor: *A esmorga, Xente ao lonxe...*

10.3.1.1. Ánxel Fole: vida e obra

Ánxel Fole (Lugo, 1903/1986)

Estudou as carreiras de Filosofía e Letras e Dereito nas Universidades de Santiago e de Valladolid. Nesta época publica os seus primeiros artigos xornalísticos e no ano 1932 funda e dirixe a revista Yunque en Lugo. O seu activismo no Partido Galeguista lévao a ser nomeado secretario provincial desta organización política. Persoa de talante progresista e galeguista, sufriu cruelmente na súa persoa o impacto e as consecuencias da guerra civil, o que o levou a vivir retirado nas terras do Incio e do Caurel ata o ano 1953 cando se instala definitivamente en Lugo e consolida a súa faceta de colaborador xornalístico,
fundamentalmente en El Progreso lugués. El é dos primeiros escritores en iniciar a recuperación da narrativa galega despois dos anos de silencio imposto. No ano 1986 ingresa na Real Academia Galega coa lectura dun discurso sobre Castelao e o galeguismo.
O seu primeiro libro de relatos *Á lus do candil*. Contos a carón do lume, aparecido en 1953, é un conxunto de relatos breves unidos por unha estrutura común: Catro fidalgos cos seus criados están reunidos nunha vella torre incomunicada pola neve. Para pasar o tempo, contan historias que son recollidas por un dos presentes. Neste primeiro libro atopamos xa os trazos máis salientables da narrativa de Ánxel Fole: Historias breves de carácter misterioso; xeito de narrar que reproduce as características dos relatos orais da tradición popular, mesturados cos trazos narrativos da literatura culta de misterio; escenarios enxebres nos que perviven costumes ancestrais e interpretacións supersticiosas do mundo...
En Terra brava (1955) na que, ademais das características citadas, atopamos unha queixa do atraso no que viven os personaxes e unha denuncia do caciquismo. *Contos da néboa* (1973) sitúa a acción dos seus relatos en ambientes máis urbanos.
Historias que ninguén cre (1981), a súa última obra, é un libro formado pola recompilación de varias historias aparecidas con anterioridade en diferentes medios. Ánxel Fole tamén é autor dunha obra de teatro titulada *Pauto co demo* (1973).

10.3.1.2. E. Blanco Amor: vida e obra

A súa vida

Nace en Ourense no ano 1894. Nestes anos relaciónase con Vicente Risco, Noriega Varela e Euxenio Montes. Con vinteún anos comeza o seu labor como xornalista ingresando na redacción de El Diario de Ourense e dous anos máis tarde está desempeñando o traballo de Secretario de Dirección deste mesmo xornal.
Ós vintetrés anos, no ano 1919, emigra á Arxentina onde permanecerá a maior parte da súa vida. Asiste á Universidade de Bos Aires. Funda con Ramiro Isla Couto a revista literaria Terra (1923). Tamén dirixe revistas como Céltiga e Galicia (esta última do Centro Galego). No ano 1925 comeza a colaborar co diario La Nación de Bos Aires. Como correspondente desta última publicación viaxa a Galicia no ano 1929, onde coñece a Castelao. Neste período coñece os escritores da xeración do 27 e establece unha grande amizade con García Lorca, pasando unha tempada na casa do autor granadino. Alí desenvolveu labor de xornalista e viaxou en varias ocasións a España como correspondente de prensa.
De volta á Arxentina, defendeu durante a guerra a causa republicana e colaborou cos exiliados en actividades de oposición antifranquista, proseguindo co seu labor a prol da cultura galega.
No ano 1936 é elixido representante en Bos Aires da “Asociación de Escritores de Galicia”. No ano 1962 volta a Ourense. No ano 1974 recibe o premio periodístico Fernández Latorre e dous anos despois, en 1976, un Premio Vitalicio da Fundación Barrié.
Morre en Vigo no mes de decembro do ano 1979.

A súa obra narrativa

Definiuse a si mesmo como un escritor realista, mais debemos ter en conta que o seu é un realismo no que ten cabida o soño.

A escadeira de Jacob

No ano 1933, Blanco Amor publica na revista Nós, tres capítulos desta novela. Esta obra vai romper coa crenza de que Blanco Amor nace como prosista na súa madurez.

A esmorga (1959)

Considerada por algúns estudosos como unha das novelas europeas máis interesantes da literatura contemporánea, foi escrita cando o seu autor contaba xa máis de sesenta anos. A historia que nela se narra é unha traxedia situada a comezos do século XX e ambientada nos arrabaldes dunha cidade galega, Auria –trasunto literario de Ourense–. A forma que toma o relato é moi orixinal, trátase, na súa parte central, da declaración dun individuo, Cibrán, perante un xuíz de quen nunca escoitamos a voz e de quen deducimos as súas intervencións polas respostas do reo. Cibrán conta os sucesos dos que foi protagonista xunto cos seus amigos, O Bocas e o Milhomes, no decurso de dous días de alcohol e violencia, que rematan coa morte dos seus dous compañeiros. Ao final da declaración, Cibrán tamén morre, e o lector queda coa dúbida de se se suicidou ou de se foi vítima da Garda Civil.
Cun realismo descarnado, Blanco Amor retrata un ambiente (os arrabaldes da cidade) e un estrato social marxinado que con anterioridade só foran obxecto de tratamento nos relatos folclóricos ou costumistas. Unha moi importante presenza no desenvolvemento da trama tena o factor climatolóxico, de maneira que a chuvia e o

frío, que son unha constante ao longo de toda a historia, participan como condicionantes dos tráxicos sucesos que se contan.

Os biosbardos (1962)
É un conxunto de relatos breves ambientados tamén no Ourense de comezos de século e protagonizados todos eles por nenos da pequena burguesía local. Nestes contos, o autor penetra no mundo da infancia para rememorar as súas propias vivencias infantís.

Xente ó lonxe (1972)
A segunda novela longa deste narrador, volve a estar ambientada no seu Ourense natal. Nela, e segundo palabras do propio autor, pretendeu desenvolver un exercicio de linguaxe e potenciar as posibilidades literarias do galego coloquial das clases populares. O protagonista principal é Suso, un rapaz fillo dunha familia de sindicalistas ourensáns, nos primeiros anos do século. É unha novela comprometida na que nos amosa, dunha banda, os problemas da adolescencia de Suso, e doutra banda, a vida da clase obreira da época.

10.3.1.3. Álvaro Cunqueiro: vida e obra

Álvaro Cunqueiro Mora

A súa vida

Nace en Mondoñedo no ano 1911 e alí pasa os seus primeiros anos. No ano 1923 trasládase a Lugo para estudar o bacharelato e coñece a Ánxel Fole. Anos máis tarde comeza en Santiago a carreira de Historia, e alí comparte con outros mozos como Fole as súas inquedanzas literarias que o levan a interesarse polos movementos vangardistas europeos. Funda en Mondoñedo a revista Papel de color e comeza a colaborar na prensa e nas revistas Nós e Yunque.
Vincúlase ao Partido Galeguista sobre todo polo seu compromiso coa lingua. Despois da guerra traballa no xornalismo como colaborador en todo tipo de publicacións e durante anos dirixe o Faro de Vigo. É nomeado Doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela e pouco despois morre en Vigo o 28 de febreiro de 1981.

A súa obra
A súa primeira obra foi como poeta aos vinte anos cando publicou o primeiro poemario *Mar ó norde*. (Lembra que xa falamos con anterioridade da obra poética de Álvaro Cunqueiro). Tamén escribiu obras de teatro, e ten un amplo traballo como xornalista pero, malia a importancia desta obra teatral, xornalística e poética, a maior contribución deste autor á literatura galega e á literatura universal está no seu orixinal traballo como narrador.
Álvaro Cunqueiro empeza a escribir literatura en prosa cara á metade dos anos cincuenta. O seu primeiro libro titulado *Merlín e familia e outras historias* (1955) amosa xa o trazos que van caracterizar a obra deste escritor:
- Mestura da realidade cotiá coa fantasía e o soño, sendo o primeiro autor en plasmar nas súas obras o que anos máis tarde se coñecería como realismo máxico.
- Mestura dos elementos enxebres cos ambientes exóticos.
- Alarde de imaxinación.
- Lirismo e humor.

- Estrutura narrativa baseada en pequenas unidades, pequenos relatos, relacionados entre si mediante algún elemento unificador.

A obra *Merlín e familia e outras historias* (1955), retoma a chamada "materia de Bretaña" trasladada a un escenario galego. O mago Merlín e a raíña Xenebra, que fora esposa do rei Artur, viven no seu pazo de Miranda en terras luguesas. Un vello paxe do mago, Felipe de Amancia, é quen actúa como narrador e conta numerosas historias das que el foi testemuña nas que realidade e fantasía aparecen mesturadas e nas que o sentido do humor substitúe o carácter mítico dos personaxes.

A seguinte novela é *As crónicas do sochantre* (1956), está situada en Bretaña, nos anos posteriores á revolución francesa, e nela se conta en terceira persoa a estraña peripecia dun músico de capela, Charles Anne Guenolé Mathieu de Crozón, que vai nunha viaxe en carroza na compaña de dous mortos redivivos que fan o relato das súas pasadas vidas. Esta obra traducida ao castelán gañou o Premio da Crítica española no ano 1958. En *Se o vello Sinbad volvese ás illas* (1961), preséntasenos o lendario mariñeiro das Mil e unha noites, xa na vellez no seu retiro en Bolanda, contando nos faladoiros as fabulosas aventuras vividas no pasado. Sospeitando que as xentes que o escoitan non cren nas súas palabras, o vello mariño decide volver a embarcar, pero finalmente é vencido pola realidade e ten que resignarse ao retiro definitivo.

Os relatos breves *Escola de menciñeiros* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979), están formados por pezas curtas, galería de retratos de tipos do país reais ou imaxinarios que lle dan pé ao autor para referir anécdotas e historias inventadas.

Tesouros novos e vellos (1964) contén unha serie de relatos no que o tema son os tesouros encantados custodiados por habitantes do subsolo que son capaces de entrar en comunicación cos homes. Este foi o tema do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Como autor de teatro, as súas dúas obras máis importantes son *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958) e *A noite vai coma un río* (1969). A primeira delas é unha recreación da coñecida traxedia de Shakespeare, na que ofrece unha interpretación diferente da historia do príncipe que ten que vingar a morte do seu pai. A noite vai coma un río é unha peza de fondo lirismo que nos presenta á soñadora dona Inés agardando polo inexistente amante ideal.

Tamén é moi coñecido o seu libro *A cociña galega* (1973).

10.3.1.4. Neira Vilas: vida e obra

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, Pontevedra, 1928)

Ímonos achegar agora a un dos máis prolíficos autores da nosa literatura actual e que ademais ten chegado a un maior número de lectores.

Xosé Neira Vilas en 1949 emigra a Bos Aires onde alterna o seu traballo coa formación autodidacta. Alí funda Follas Novas, a primeira editora e distribuidora do libro galego en América. Casado coa escritora cubana de ascendencia galega Anisia Miranda, trasladouse a vivir a Cuba. Alí comprométese coa causa castrista sen abandonar a difusión da cultura galega na illa. Dende hai uns anos, xa de volta en Galicia, desenvolve unha importante actividade cultural.

Xosé Neira Vilas é autor dun libro que foi o primeiro grande éxito de público lector de todas as idades da literatura galega: *Memorias dun neno labrego* (1961). Trátase dunha novela con trazos autobiográficos, narrada en primeira persoa polo protagonista, Balbino, un rapaz que nos conta a súa dura vida nunha aldea do interior

de Galicia ata que se ve forzado á emigración. A novela caracterízase polo seu estilo sinxelo e directo, por ter como tema central as vivencias dunha infancia marcada pola desesperanza e desenvolvida nas difíciles condicións do mundo rural.
Máis tarde publicará outras dúas novelas coas mesmas características, *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977), as tres obras veñen constituír o denominado "ciclo do neno". Outra obra súa posterior de protagonista infantil é *De cando o Suso foi carteiro* (1988). A realidade do campo galego, cos seus compoñentes de desesperanza, pobreza, submisión e caciquismo, é outra constante na obra deste escritor, e aparece reflectida en libros como *Xente no rodicio* (1965) ou *A muller de ferro* (1969), libros xa de protagonista adulto.
Outro tema recorrente é o da emigración que se presenta como un dos grandes males derivados da pobreza e do atraso. Alegatos contra a emigración son libros como, *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de sombras* (1973) e *Querido Tomás* (1980).
Tempo novo, publicado no ano 1987, é un conxunto de relatos nos que se contan as experiencias e comportamentos dos galegos que se viron sorprendidos pola revolución cubana.
Obras diferentes deste autor son Lar (1973), *Nai* (1980) e *Pan* (1986) onde atopamos evocacións líricas de diferentes aspectos da súa aldea natal. Outros relatos que este autor escribiu para a literatura infantil, algúns deles en colaboración con Anisia Miranda, son *Espantallo amigo* (1971), *Chegan forasteiros* (1993), *A marela tarabela*, *O cabaliño de buxo*, entre outros.
Tamén como poeta ten publicado algunha produción aínda que mínima en comparación coa súa narrativa, salientaremos *Dende lonxe* (1960) e *Inquedo latexar* (1969) entre outras. Dentro da súa produción non literaria temos títulos como: *Galegos no golfo de México* (1980), *Castelao en Cuba* (1983) ou *Guerrilleiros* (1991).